

A expresión da 2Sg do pretérito perfecto de indicativo no noroeste ibérico... ou como xorde a diversidade dialectal

Francisco Dubert García

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

IV Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico

Santiago de Compostela, do 03 ao 04 de outubro de 2024



Comunicación no proxecto “O galego no seo do seu contexto xeolingüístico: os romances noroccidentais no ALPI”, financiado polo MCIU (PID2023-150684NB-I00) do Goberno de España.

A large, stylized graphic of the lowercase letters 'ilg' in a bold, sans-serif font. The letters are white and set against a dark blue background. The 'i' has a solid dot, the 'l' is a simple vertical bar, and the 'g' has a thick, rounded bowl and a tail that curves upwards.

Debido ó seu histórico descoñecemento entre os romanistas (Regueira 1996, 2008; Dubert-García 2021a), os primeiros pasos da lingüística galega buscaron describir coa maior precisión posible os datos do galego.

O Atlas Lingüístico da Península Ibérica (ALPI) quedou inédito por moitos anos.

No nacemento da lingüística galega, desde a segunda metade do século XX, déuselle un pulo excepcional ós estudos descritivos.

Unha parte fundamental desta descrición realizouse desde unha perspectiva dialectolóxica; deste pulo naceu o *Atlas Lingüístico Galego (ALGa)*.




Hoxe é posible obter datos dos dous *Atlas*.

<https://ilg.usc.gal/gl/proxectos/atlas-linguistico-galego-alga>

<http://alpi.cchs.csic.es>



A dialectoloxía galega desa época centrouse sobre todo no establecemento

- **das fronteiras externas** do galego co asturleonés e co portugués;
- e
- **das fronteiras internas**, i.e., do establecemento dos bloques, áreas, subáreas dialectais do galego.



Zamora Vicente (1953), Carballo Calero (1969), Fernández Rei (1990), Frías Conde (1997)

Que pasa máis alá dos puntos do *ALGa*?, como se integra o galego coas outras falas iberromances?



Fonte: Dubert García (2011)

Pero:


Unha vez que coñecemos o galego e os seus límites internos e externos, podemos

- situalo nun marco xeolingüístico máis amplo?
- E se nos liberamos das fronteiras? Isoglosas si, fronteiras non.




Puntos do ALPI en que se recolle o radical *fa-* no presente de indicativo de *FACER* (Dubert García 2021b).

<https://doi.org/10.25364/19.2021.6.7>



Puntos do ALPI onde se recollen formas tipo *dea*, *día* no presente de subxuntivo do verbo *DAR* (Dubert García 2023).


<http://hdl.handle.net/10347/33077>



Carta de similaridade (375 mapas de base) de Muros (A Coruña) co resto da rede do ALPI

fonte:
<https://dialektkarten.ch/dmviewer/alpi/index.fr.html>

Carta de similaridade (375 mapas de base) de Pedrafita do Cebreiro (Lugo) co resto da rede do ALPI



Para comprendermos a historia das falas galegas actuais debemos analizar a extensión xeográfica (e social) dos **fenómenos lingüísticos individuais**, non centrarnos no establecemento de fronteiras entre linguas ou entre dialectos (Gimeno Menéndez 1993). Deixarmos as fronteiras e interesámonos polas isoglosas...

- Por que en galego e asturleonés se di *fas/fais* e por que en portugués e castelán *haces/fazes*...?
- Por que no noroeste se di *dea/día/deia* e no resto (castelán e portugués) *de/dê*?

Estes conxuntos de formas responden a plans morfolóxicos compartidos:

formas galaicoasturianas (linguas diferentes):

fa+SNP; *de/di*+a-SNP

formas lusocastelás (linguas diferentes):

hac/faz+VT+SNP; *de*+SNP

Isto mostra algún tipo de conexión do noroeste que explica a historia das súas falas.

As falas do noroeste son dialectos constitutivos: falados no territorio desde a latinización, tiveron tempo e liberdade para acumular mudanzas e variación (Dubert García 2023).

Son falas que levan tamén en contacto desde a súa mesma orixe.

Os contactos (e non só a polixénese) poden explicar moitas evolucións converxentes.

Acostuma presentarse o galego e o portugués do norte como variedades *conservadoras* e, en certo modo, *illadas, mal conectadas cos centros innovadores*.

Ninguén cuantificou e comparou os trazos conservadores ou innovadores do galego fronte a outras linguas.

O noroeste presenta innovacións; o **galego innovacións modernas** autónomas do castelán.

Unha parte da gramática onde se produciron innovacións autónomas foi na expresión da 2Sg do pretérito perfecto de indicativo (PPI) dos verbos.

C1, polo menos, 7 formas: *cantaches, cantastes, cantèstes, cantache, cantèche, cantaste, cantèste*;

C2, polo menos, 8 formas: *batiches, batiche, batiste, batistes, bateches, bateche, bateste, batestes*.

C3, polo menos, 4 formas: *partiches, partiche, partistes, partistes*.

Non é pouca variación para unha lingua considerada conservadora (Carballo Calero 1979: 100)!

- Aumento na **complexidade da arquitectura** das falas do noroeste.
- Hipercaracterización: aumento na **complexidade da estrutura**? (Dubert García 2023)

A evolución do sufixo 2Sg do PPI en galego en poucas palabras:

As variantes proveñen das desinencia latina –(v)ĪSTĪ: AMAVĪSTĪ > AMASTI, AUDVĪSTĪ > OUISTI.

No noroeste o Ī final conservouse como /i/ ata a fin da Idade Media (Mariño Paz 2017: 226): *figi* ‘fiz’ < FĒCĪ; *fezisti* ‘fizeste’ < FĒCĪSTĪ. É posible que aínda se conserve en falas asturleonesas.

Mudanza 1, *metafonía*. Común a tódalas variedades. Metafonía do /i/ final sobre a vogal tónica na 2SG PPI da C2: ĪSTĪ > *e-sti* > *i-sti* (Mariño Paz 2017: 163, Ferreiro 1995: 290).

As seguintes mudanzas non van necesariamente ordenadas cronoloxicamente:

Mudanza 2, *palatalización*. A vogal átona final /i/ palataliza o /t/ de *-sti* en /tʃ/: *cantasti* > *cantaschi*.

Mudanza 3, *nivelación morfolóxica*. A vogal tónica /i/ da C2 é substituída por un /e/ analóxico das outras formas verbais: *comemos*, *comestes*, *comeron*. MUDANZA DE IDA E VOLTA.

Mudanza 4, *fusión*. As vogais átonas final /i/ e /e/ fúndense en /e/: *cantaschi* > *cantasche*.

Mudanza 5, *elisión*. O /s/ seguido de /tʃ/ desapareceu: *cantaschi*, *cantasche* > *cantachi*, *cantache*.

Mudanza 6, *extensión analóxica intraparadigmática*. O sufixo de 2Sg recibiu un /s/ final analóxico: *-che* > *-ches*.

Ignórase moitos fenómenos:

- A realización do /r/ en *varriches*
- O consonantismo inicial de *chegaches*: [tʃ],
- o vocalismo átono final actual: -[i]/-[ɪ]/-[i̯]/-[e]
- A gheada e consoantes dorsais intervocálicas
- Tipos de sibilantes, etc.

Non dá tempo a máis...

Cantaches, cantastes, cantache, cantaste

Xa nas fontes escritas medievais, Mariño Paz (2013: 355-356) localiza 7 variantes do sufixo NP:

-*sti* 9,5%

-*sch* 3%

-*chi* 0,2%

-*ste* 67,4%

-*sche* 11,5%

-*che* 3,2%

-*st'* 4,3%

-*sch'* 0,7%

-*stes* 0,2%

Variantes con *-(s)ch-*: 18,6%

Variantes con *-st-*: 81,4%

Nótese que non fixo reconto das vogais temáticas...

Hai formas mistas. As mudanzas non parecen producirse secuencialmente no tempo. Parece que cada unha leva o seu ritmo.

Cantaches, cantastes, cantache, cantaste


A expansión das formas con -s parece ser moderna, tanto en galego (Mariño Paz 2013) coma en portugués (Guilherme 2024).

coll-/i/-ches

Extensión analóxica de /e/ por /i/ na C2.

Non deixa de ser curioso que en zonas de *batju* se estendese *bateches* (e viceversa)...


Autonomía das formas verbais;
Autonomía das mudanzas



Mapa 1. Variación na Vocal Temática da 2Sg do PPI verbos da C2 (**Mudanza 3**); fonte *ALGa I*, mapa 53 “Colliches”. Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

colli-**CH**-es


A palatalización parece unha innovación central que se expande cara ás beiras.



Mapa 2. Variación /tʃe/ vs. /ste/ no SNP da 2Sg do PPI da C2 (**Mudanza 2**); fonte ALGa I, mapa 53 “Colliches”.
Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

colliche-S


O incremento analóxico de /s/ parece unha innovación occidental, aparentemente mal conectada co centro peninsular.



Mapa 3. Engádegas de /s/ analóxico na 2Sg do PPI da C2; fonte *ALGa I*, mapa 53 “Colliches”. Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

Colliches


A suma de varias mudanzas autónomas:
8 variantes!!!
Cada mudanza xera unha onda independente.



Mapa 4. Desinencias da 2Sg do PPI da C2; fonte *ALGa I*, mapa 53 “Colliches”. Non se representan os puntos con respostas dobres (só se representa a primeira resposta recollida).


Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

chegache-S



Extensión analóxica de /s/.
Noroeste non tan conservador.
Casos de polixénese?
Vai na deriva?
Contacto?

Mapa 4. /s/ analóxico na 2Sg do PPI no noroeste e no oeste da Península; fonte ALPI, Cuestión 385 “¿A qué hora has llegado?”. Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>



chega-**CH**-es

Palatalización


Un fenómeno básicamente galego, pero non xeral en Galicia; Peso da fronteira? Máis innovación. Casos de polixénese (sur de Portugal). Un proceso fonolóxico natural.

Mapa 5. Palatalización de /t/ no noroeste e no oeste da Península; fonte *ALPI*, Cuestión 385 “¿A qué hora has llegado?”. Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

cheg-**A**-ches


VT da C1

Novas mudanzas
/a/ > /e, ej/, por
exemplo.
Peso da 1Sg.



Mapa 6. Vogal temática da 2Sg do PPI dos verbos regulares da C1 no noroeste e no oeste da Península; fonte ALPI, Cuestión 385 “¿A qué hora has llegado?”. Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

Varr-/-ches



VT da C2

Noroeste dúas veces
innovador

/i/ > /e/ primeiro

/e/ > /je/ despois

En Galicia e Portugal, o
nacemento e extensión
de /e/ parece ser
posmedieval.
Progresa polo carreiro de
moa > *mó*.

Mapa 6. Vogal temática da 2Sg do PPI dos verbos regulares da C2 no noroeste e no oeste da Península; fonte ALPI, Cuestión 385 “¿A qué hora has llegado?”. Datos en <https://zenodo.org/records/13830031>

Todas estas formas son resultado de diferentes mudanzas:

- Ocorreron en momentos diferentes;
 - Presentan extensións xeográficas diversas e autónomas;
 - Cada innovación conquista o seu espazo dialectal, ten a súa extensión; poden ser
- **mudanzas de área menor** (solución rexional, Catalán 1989: 76): [t] > [tʃ] en parte do galego, VT[a] > VT[ej, e] (na zona norte);
- **mudanza de área maior** (solución suprarrexional, Catalán 1989: 76): VT[i] > VT[e]; [∅] > [s] analóxico (con polixénese?).

Poden entrecruzarse unhas coas outras:

- a) [e]ste, [i]ste, Mudanza 3 (nivel. morf.)
- b) [e]che, [i]che, Mudanza 3 (nivel. morf.) e 2 (palatal.)
- c) [e]stes, [i]stes, Mudanza 3 (nivel. morf.) e 6 (extens. analox.)
- d) [e]ches, [i]ches, Mudanzas 3 (nivel. morf.), 2 (palatal.) e 6 (extens. analox.)

Poden ter diferentes valores socioculturais:

- a) Mudanza 6 (increm. anal. de /s/): non marcado en galego.
- b) Mudanza 6 (increm. anal. de /s/): estereotipo/índice/marcador en portugués e castelán.

Estes feitos mostran

- A) Como o pasar do tempo produce “complexificación de arquitectura” (Dubert-García 2023): moita variación xeolectal.
- B) Algunhas mudanzas pódense interpretar como formas de bregar coa “complexificación da estrutura”: formas hipercaracterizadas, por exemplo, co -s analóxico ou con vogais temáticas diverxentes.
- C) Como variedades lingüísticas cubertas durante séculos polo castelán puideron pasar por mudanzas e innovacións autónomas: *bateches*, *batestes*;
- D) O noroeste non parece tan conservador como se afirma;
- E) As diferentes evolucións diverxentes exemplifican as diversas posibilidades de mudanza lingüística a partir de bases comúns compartidas.
- F) Como da autonomía das mudanzas nace a diversidade dialectal.

**MOITAS
GRAZAS!!**

Especialmente a Marta Negro, que realizou con moita habelencia os mapas...

Referencias

- ALGa 1 = Instituto da Lingua Galega (1990): *Atlas Lingüístico Galego. Vol. 1. Morfoloxía verbal*. A. Coruña: Barrié de la Maza.
- ALPI = García Mouton, Pilar (coord.), Inés Fernández-Ordóñez, David Heap, Maria Pilar Perea, João Saramago, Xulio Sousa, 2016, ALPI-CSIC [www.alpi.csic.es], edición dixital de Navarro Tomás, Tomás (dir.), *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica*, Madrid, CSIC.
- Carballo Calero, Ricardo (1969): “Sobre os dialectos do galego”, *Grial* 23, 1-15.
- Carballo Calero, Ricardo (1979): *Gramática elemental del gallego común*, Vigo: Galaxia.
- Catalán, Diego (1989): *Las lenguas circunvecinas del castellano*. Madrid: Parninfo.
- DIALEKTKARTEN.CH <https://dialektkarten.ch/index.en.html> (consultado o 23/09/2024)
- Dubert García, Francisco (2011): “Developing a database for dialectometric studies: the ALGa phonetic data. Dialectometrical analysis of 230 working maps”, *Dialectologia et Geolinguistica* 19, 23-61. <http://hdl.handle.net/10347/33777>.
- Dubert García, Francisco (2021a): “Lo que el ALPI le ofrecía a la lingüística gallega en 1962”, *Dialectologia. Special issue IX*, 39-67. ISSN 2013-2247. <https://dx.doi.org/10.1344/dialectologia2021.2021.3>
- Dubert García, Francisco (2021b) “Las formas reducidas de FACĒRE en el noroeste de la península ibérica: convergencia y divergencia geolingüísticas”, *Studia Linguistica Romanica* 6, 163-191. ISSN 2663-9815. DOI: <https://doi.org/10.25364/19.2021.6.7>
- Dubert-García, Francisco (2023): “Tempo e liberdade: galego e complexidade de arquitectura nos dialectos iberorrománicos noroccidentais”, en Aroldo Andrade, Elisângela Gonçalves e Pablo Faria (eds.) *A mudança lingüística em várias perspectivas. Volume I*, 85-110, Campinas: Mercado de Letras. <http://hdl.handle.net/10347/33077>
- Fernández Rei, Francisco (1990): *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo: Xerais.
- Ferreiro, Manuel (1995): *Gramática histórica galega*, Santiago de Compostela: Laivento.
- Frías Conde, Xavier (1997): “Sobre os bloques dialectais do galego: unha nova proposta”, *Revista de Filología Románica* 1(14), 241-256.

- Gimeno Menéndez, Francisco (1993): *Dialectología y sociolingüística españolas*. Alicante: Universidad de Alicante.
- Guilherme, Ana (2024): “Fostes tu?: Analogical Change in European Portuguese and the Case of the Second Person Singular in the Simple Past (Indicative)”, *Languages* 9(5), 176; <https://doi.org/10.3390/languages9050176>
- Mariño Paz, Ramón (2013): “O sufixo número-persoal da P2 do pretérito de indicativo no galego medieval”, en Rosario Álvarez, Ana Maria Martins, Henrique Monteagudo, Maria Ana Ramos (eds.), *Ao sabor do texto. Estudos dedicados a Ivo Castro*, pp. 355-368. Santiago de Compostela: Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- Mariño Paz, Ramón (2017): *Fonética e fonoloxía históricas da lingua galega*, Vigo: Xerais.
- Regueira, Xosé Luís (1996): “Os estudos de lingüística galega”, en Ramón Lorenzo e Rosario Álvarez (coords.), *Homenaxe á profesora Pilar Vázquez Cuesta*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 47-67.
- Regueira, Xosé Luís (2008): “Os estudos de dialectoloxía galega desde 1967 á actualidade”, en Esther Corral Díaz, Lydia Fontoira Surís & Eduardo Moscoso Mato (eds.), *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 573-584.
- Zamora Vicente, Alonso (1953): “De geografía dialectal: -ao, -an en gallego”, *Nueva revista de filología hispánica* VII, 1/2, 73-80. Cito pola edición *Estudios de dialectología hispánica*, Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 27-34.